

CONVENIO DE COLABORACIÓN DEPORTIVA PARA O ANO 2024 ENTRE O CONCELLO DO PORRIÑO E O CLUB DE TENIS PORRIÑO.

REUNIDOS:

Dunha parte, Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, co D.N.I. nº 76907670 V, na súa condición de alcalde - presidente do Concello do Porriño, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime Local (artigo 61.1.a)) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigo 21.1.b) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Agustín Doval Leiras, con D.N.I. 35543846-Z Presidente do Club de Tenis Porriño (en adiante o Club), en virtude de nomeamento aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 23/06/2016 inscrito no rexistro de entidades deportivas de Galicia co nº C-05064 e CIF G-36.264.976.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente convenio.

E acordan o seguinte,

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. Obxecto.

De conformidade co art. 25.1 da Lei 7/85 do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, é competencia deste Concello a promoción e atención das distintas actividades deportivas que se desenvolven neste municipio.

Co fin de potenciar a actividade deportiva, en especial o deporte de base, e facela accesible a todas aquelas persoas que queiran participar nos distintos niveis de preparación nas diversas disciplinas, este Concello provirá unha serie de subvencións seguindo os criterios da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 e demais normativa de aplicación.

O obxecto do presente convenio é regular a concesión de subvencións de concesión directa os clubs ou asociacións deportivas sen ánimo de lucro do Concello do Porriño, que potencien e teñan como fin a formación deportiva, priorizando os aspectos formativos dos rapaces e rapazas do Concello, e que teñan no seu proxecto unha especial atención do deporte base, levando ademais a actividade as parroquias, colexios, creando escolas deportivas, fomentando así unha actividade de interese social.





Concello do Porriño

O Porriño

O Concello do Deporte



Este Concello tamén ten unha especial sensibilidade cos clubs que teñan equipos en categorías nacionais, ao entender que supoñen unha importante promoción do deporte e axudan a difundir o nome da nosa localidade.

A presente subvención ira fundamentalmente dirixida para:

1. Promoción do deporte base.
2. Promoción de escolas deportivas.
3. Actividades nas cales os participantes teñan xa un certo grado de adestramento.
4. Actividades promovidas polo club en Parroquias do Concello.
5. Actividades promovidas polo club en Colexios do Concello.
6. Cursos de formación de Adestradores.
7. Actividades deportivas que se leven a cabo con mulleres ou grupos sociais desfavorecidos, onde estes sectores estean pouco representados.
8. Gastos de desprazamento dos clubs.
9. Eventos sociais, como máximo 2 o ano.

ARTIGO 2. Criterios para a concesión de subvencións a entidades deportivas. Os criterios seguidos para a concesión da subvención son os seguintes:

1. Número de practicantes de 4 a 10 anos do Concello
2. Número de practicantes de 11 a 16 anos do Concello
3. Número de practicantes mulleres do Concello.
4. Actividades levadas a cabo nas Parroquias.
5. Número de practicantes das parroquias.
6. Número de practicantes nos colexios do Casco Urbano
7. Número de Actividades nos colexios das parroquias.
8. Número de socios da entidade e contía das cotas.
9. Número de equipos federados.
10. Cualificación dos adestradores, e número deles.
11. Proxecto da actividade para a presente tempada.
12. Memoria descritiva da actividade de ano anterior.
13. Colaboración en proxectos socio culturais promovidos polo Concello.

ARTIGO 3. Contía da subvención.

As cantidades estarán debidamente consignadas nos Orzamentos Municipais. O importe das subvencións en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, sexan autonómicos, estatais ou internacionais, supere o orzamento do proxecto para o que se solicita.



TÍTULO 2

DEREITOS E OBRIGAS

ARTIGO 4. Dereitos e Obrigas dos beneficiarios.

O beneficiario ou perceptor da subvención terá dereito a recabar e obter en todo momento o apoio e a colaboración da entidade local na realización da actividade ou proxecto que se subvenciona (permisos, autorizacións, licencias, etc.).

Son obrigas dos beneficiarios:

1. Aceptar a subvención. En caso de que isto non sexa posible deberán renunciar a ela de forma expresa e motivada, no prazo de quince días, dende a sinatura do convenio.
2. Cumprir o proxecto ou actividade que fundamentou a concesión da subvención.
3. Xustificar ante o Concello do Porriño, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención.
4. Someterse as actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, aportando tanta información lles sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión da subvención.
5. Dar conta ó Concello das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.
6. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
7. Acreditar con anterioridade a sinatura do convenio que se encontra ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
8. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
9. Deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención.
10. Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no art. 37 de la LXS (Causas de reintegro).
11. Autorizar ao Concello do Porriño a solicitar ós organismos responsables, e comprobar de oficio, os datos e a documentación que acredite que están ao corrente das súas obrigas Tributarias.

TÍTULO III

DISPOSICIÓN PARTICULARES

ARTIGO 5. Relacións laborais.

O Club será responsable da relación laboral cos monitores ou profesores que impartan as clases, así como dos accidentes ou lesións que se produciran con esta actividade deportiva. O club deberá cumprir coa





Concello do Porriño

O Porriño

O Concello do Deporte



normativa vixente en materia laboral e fiscal. En ningún caso as persoas que integren o persoal do club, calquera que sexa a súa categoría, terá vínculo laboral co Concello por dito concepto.

O concello poderá esixirlle o club, si así o considerase oportuno, as xustificacións de estar cumprindo dita normativa.

ARTIGO 6. Duración das actividades.

O Club comprométese a levar a cabo un Programa de actividades de formación deportiva de base (Escolas deportivas) que terá o seu funcionamento, como mínimo, durante os meses de Xaneiro a maio e de Outubro a decembro do ano 2024, dentro do curso escolar, ambos inclusive. A planificación da programación que se presente deberá ter un mínimo de dúas sesións semanais con cada grupo, e con unha duración mínima 45 minutos por sesión. Os descansos e as vacacións virán establecidas polo Calendario Escolar da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia e do Municipio do Porriño.

ARTIGO 7. Horarios.

O club deportivo responsabilizarase do cumprimento exacto dos horarios asignados nas instalacións deportivas do Concello a proposta do Concelleiro/a Delegado/a de Deportes, salvo prohibicións impostas por órgano superior, quen poderá ademais comprobar en calquera momento que se está levando a cabo a filosofía dos convenios deportivos de potenciar o deporte base e as escolas deportivas dos diferentes clubs do Porriño. Por outro lado, o Club comprométese a atender no posible a demanda deportiva que se xenera no municipio tanto nos colexios como asociacións veciñais, tratando de orientar no posible esta inquietude.

ARTIGO 8. Instalacións deportivas.

1. O Concello do Porriño porá a disposición do club as instalacións deportivas municipais, na medida do posible, co fin de que poidan ser efectuados adestramentos e competicións dos distintos equipos do club. O uso de ditas instalacións será gratuíto no período de vixencia deste convenio.
2. Para o emprego das instalacións deportivas para adestramento, o club deberá solicitalo por escrito ao Concelleiro/a Delegado/a de Deportes, este procederá á asignación dos horarios, podendo ser variados por este Concello en razón das necesidades do servizo municipal.
3. O club responsabilízase do bo uso das instalacións, comprometéndose o pago dos danos ocasionados polos seus integrantes.
4. Cando o club organice algún campionato deportivo, para a que sexa necesaria a solicitude de permiso do Concello, ou colaboración do mesmo, este deberá facelo por escrito e polo menos con 30 días de antelación.
5. Si dito evento, é un campionato o marcha que exceda o termo municipal, e sexa necesaria a utilización de instalacións do Concello, antes de comprometerse a súa organización deberán ter o permiso escrito do Concello e cumprir a normativa o respecto.





Concello do Porriño

O Porriño

O Concello do Deporte



ARTIGO 9. Colaboración en actos deportivos e sociais promovidos polo Concello.

O Club tratará de colaborar en proxectos de tipo deportivo, cultural ou social que se leven a cabo no noso concello, e que sexan promovidos polas distintas concellerías.

A colaboración debese plasmar en termos organizativos, de material deportivo e de asistencia de adestradores as actividades que lle comunique a concellería correspondente que desenvolva o proxecto.

ARTIGO 10. Difusión do acordo.

O Club fará constar do xeito máis amplío posible a colaboración existente por parte deste Concello, citando en carteis, edicións ou eventos deportivos o acordo con esta institución. Antes da impresión dos carteis definitivos dos actos que sexan realizados conxuntamente co concello, e nos que figure a colaboración do mesmo, o club queda obrigado a presentar unha copia antes da impresión, para a supervisión e autorización deste concello.

O club está obrigado a colocación de publicidade institucional nas indumentarias de xogo de tódolos seus equipos, en lugar preferente, con unas medidas de alúmenos 15 Cm. de longo por 7.5 Cm. de ancho do seguinte logotipo.



O club está obrigado a colocación de publicidade institucional en 2 carteis nas instalacións municipais onde leve a cabo a súa actividade, en lugar preferente, con unas medidas de alúmenos 4 m. de longo por 1 m. de ancho do seguinte logotipo.



Do cumprimento destas obrigas deberá dar conta coa presentación da xustificación mediante a achega de documentos fotográficos que o acrediten.

Dita publicidade debe estar colocada antes do pago da primeira entrega de o 80% da cantidade asignada a este convenio.

ARTIGO 11. Seguros civís e deportivos.

O Club queda na obriga de ter os seguros civís e deportivos que esixa a normativa vixente, dos seus xogadores e adestradores e demais persoal do club, e para os eventos que así o esixan ben sexan federados ou privados. O concello poderá, si así o estima oportuno, facer as comprobacións pertinentes a este respecto e solicitar copia de ditos documentos

TÍTULO IV

GASTOS SUBVENCIONABLES, IMPORTE, IMPUTACIÓN ORZAMENTARIA, XUSTIFICACIÓN E PAGO

ARTIGO 12. Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan a natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido no presente convenio. Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto ou actividade subvencionada e os de administración específicos, son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou





Concello do Porriño
execución damesma.

O Porriño

O Concello do Deporte



Así mesmo considéranse gastos subvencionables e válidos a efectos de xustificación, os procedentes do transporte necesario para os desprazamentos dos equipos que compoñan o club (isto é, servizos de autobús, tren, avión, etc) estes gastos deberán estar certificados polo secretario do club relacionando o gasto producido polo desprazamento coa competición deportiva á que se asiste e engadindo os calendarios federativos que acrediten a necesidade de dito transporte.

Tamén serán válidos a efectos de xustificación, os gastos de transporte e locomoción dos compoñentes do club (xogadores, directivos, adestradores), debidamente certificados polo secretario do club, ata como máximo un 5% da cantidade adxudicada na presente subvención.

Os torneos, Campus ou concentracións deportivas que se celebren fóra das competicións suxeitas a calendario federativo, serán subvencionables ata como máximo un 15% da cantidade subvencionada polo presente convenio, agás os que teñan lugar dentro do noso término municipal.

Con respecto aos gastos de persoal, establécese un máximo do 40% da subvención concedida para a xustificación de gasto producido polas nóminas de xogadoras/es profesionais. Esta limitación non opera para as nóminas correspondentes ao persoal contratado na categoría de adestrador, delegado ou persoal sanitario.

A participación de voluntarios dentro do sistema organizativo do club estará suxeito ao disposto na Lei 45/2015, de 14 de outubro, de voluntariado, que establece no artigo 3.1 que son actividades de voluntariado as que se leven a cabo sen contraprestación económica ou material, sen prexuízo do abono dos gastos reembolsables que o desempeño da acción voluntaria ocasione aos voluntarios de acordo co establecido no artigo 12.2.d).

As persoas voluntarias teñen dereito a ser reembolsadas pola entidade de voluntariado dos gastos realizados no desempeño das súas actividades, de acordo co previsto no acordo de incorporación e tendo en conta o ámbito de actuación de voluntariado que desenvolvan.

Estes gastos compensatorios deberán xustificarse conforme ao disposto na lexislación citada, sendo unha obriga para ao club achegar a seguinte documentación preceptiva:

1.- Contrato de colaboración que acredita a relación de voluntariado.

2.- Tickets, facturas ou recibos dos gastos concretos ocasionados ao voluntario con motivo da actividade realizada.

Para a apreciación desta relación de voluntariado o Concello seguirá os criterios orientativos xurisprudenciais fixados pola sentenza do Tribunal Supremo de 2 de abril de 2009 que deslinda o deporte compensado (excluínte da relación laboral) do propiamente retribuído (relación laboral). A fiscalización da conta xustificativa, á vista da documentación presentada polo club, determinará si os gastos presentados dentro deste apartado responden estritamente ao disposto na Lei 45/2015 ou suponen unha relación laboral e, polo tanto, non susceptibles de ser subvencionados a través do presente convenio.

No acordo de incorporación, segundo o artigo 12.2.d) regularase o réxime de gastos reembolsables que han de abonarse aos voluntarios, de conformidade coa acción voluntaria a desenvolver.

Non obstante, a adscripción de voluntarios será ocasional e motivada por circunstancias excepcionais e, en ningún caso, poderá ser substitutivo da contratación laboral de persoal necesario para o funcionamento do club.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

1. Os xuros debedores das contas bancarias
2. Xuros, recargos e sancións administrativas e penais
3. Sancións federativas por mala praxis deportiva

Centro Polideportivo Municipal Porriño. C/ Donantes de Sangre, 2. O Porriño 36400.C.I.F. P3603900F
Telf. 986344420. mail. deportes@oporriño.org.





Concello do Porriño

O Porriño

O Concello do Deporte



4. Os gastos de procedementos xudiciais
5. Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
6. Impostos persoais sobre a renda

Aos efectos do presente convenio, se considerará gasto realizado o que fose efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de xustificación.

ARTIGO 13.- Importe e imputación orzamentaria.

O Concello comprométese a conceder directamente á entidade Club de Tennis Porriño unha subvención para o exercicio 2024 por importe de dous mil euros (2.000,00), prevista nominativamente no Orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria 341.4800001.

ARTIGO 14. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención, documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A data límite para a presentación da conta xustificativa será a do día **4 DE DECEMBRO DE 2024**. En calquera caso, a conta xustificativa estará formada pola seguinte documentación:

1. Escrito de presentación da conta xustificativa e relación exhaustiva das facturas que se acompañan, detallando, provedor, nº de factura, data, concepto e importe con suma total final.
- 2 . Documentación acreditativa do pago efectivo de cada unha das facturas aportadas na conta xustificativa.
O Contido das facturas. O contido das facturas se axustará ao establecido no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e entre outros conterá:
 - a) Número, e no seu caso serie da factura.
 - b) Data e lugar de expedición do documento.
 - c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir a factura como o do destinatario das operacións.
 - d) Número de Identificación Fiscal atribuído pola Administración tributaria española o, no seu caso, pola de outro estado membro da Unión Europea del que ha realizado la operación o obrigado á expedición da factura. Así mesmo o Número de Identificación Fiscal do destinatario.
 - e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.
 - f) Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible do Imposto e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no mencionado prezo unitario.

Documentación acreditativa do pago:

1. Consistirá na aportación, xunto con cada factura, de copia da transferencia bancaria efectuada ou do comprobante do pago con tarxeta, que será o modo obrigatorio de acreditar o pago, sen excepción algunha. Non serán admitidos aqueles xustificantes que non veñan acompañados de dita documentación, sendo o único sistema de pago admitido. As facturas que se presenten formando parte da conta xustificativa sen estar acreditado o seu aboamento mediante este único sistema, non serán en conta para a xustificación do presente convenio.
2. Presentaranse certificados actualizados da inexistencia de débedas tributarias con facenda estatal, seguridade social e concellería de economía e facenda. (Estes certificados teñen unha validez de seis meses).
3. Deberá achegarse escrito no que se reflicte que ditas facturas non foron entregadas en





O Porriño

O Concello do Deporte



Concello do Porriño

ningún organismo oficial de cara a obtención de novas subvencións e que as mesmas samente foron entregadas no Concello do Porriño.

4. Reportaxe fotográfico do cumprimento da publicidade institucional.
5. O club, ben coa xustificación final entregada no Concello, ou no prazo de 15 días despois de esta, debe presentar informe do balance económico da tempada completa, asinado polo secretario da entidade e co visto bo do presidente.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, toda a documentación deberá presentarse a través de medios electrónicos.

ARTIGO 15. Pago.

Antes de proceder ao pagamento da subvención o beneficiario deberá acreditar estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Os Servizos administrativos dependentes do órgano xestor da subvención emitirán informe acerca do grao de cumprimento dos fins para os cales se concedeu a subvención e a adecuación dos gastos realizados ós mesmos. Este informe, xunto con toda a documentación de xustificación da subvención deberá remitirse á Intervención Municipal para a súa fiscalización.

PAZOS DE PAGAMENTO:

- Á sinatura do convenio realizarase un pago anticipado do 80% do importe total subvencionado que supón a cantidade de mil seiscentos (1.600,00) euros, que suporá unha entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.
- Non se establece ningún réxime de garantías respecto a este pago a conta.
- O importe restante de 400,00 euros (20%) abonarase unha vez presentada por parte do club a conta xustificativa comprensiva da totalidade do importe subvencionado para o ano 2024, fiscalizada polo servizo de Intervención e debidamente aprobada polo órgano competente.

TÍTULO V

COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO

ARTIGO 16.- Comisión Mixta.

Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na aplicación do contido co Convenio, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento do convenio composta por dous representantes do Club beneficiario da subvención e dous representantes municipais, un deles o técnico da área de deportes e o Concelleiro/delegado, que actuará como Presidente da Comisión. Esta comisión será a encargada de resolver os problemas de interpretación e cumprimento que puideran plantexarse durante o desenvolvemento do convenio.

TÍTULO VI

PROCEDIMENTO DE

REINTEGRO

ARTIGO 17. Reintegro.

O órgano que concede será o competente para esixir do beneficiario o reintegro de subvencións cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro de cantidades percibidas establecidos no art. 37 da

Lei Xeral de Subvencións o polo incumprimento dalgún dos artigos do presente convenio. A devolución de cantidades axustarase ó procedemento establecido no artigo 42 da Lei.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de





Concello do Porriño
doce meses dende a data do acordo de iniciación.

O Porriño

O Concello do Deporte



Prescribirá ós catro anos o dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro, computándose segundo o establecido no art. 39.2 da Lei.

TÍTULO VII

INFRACCIÓNS E SANCIÓNS ADMINISTRATIVAS PROCEDEMENTO SANCIONADOR

ARTIGO 18. Infraccións e Sancións.

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

Se atenderá en canto a tipificación e procedemento ó previsto no título IV da citada lei.

No caso de incumprimento por parte do club dos artigos deste convenio, ben por separado ou no seu conxunto, o Concello poderá rescindilo, esixindo no seu caso o reintegro das cantidades a conta percibidas.

O Alcalde-Presidente,
Leiras
(asinado dixitalmente á marxe)
á marxe)

O Presidente, Agustín Doval
(asinado dixitalmente

